



DATOS IDENTIFICATIVOS

Anatomía humana: Afeccións medicocirúrxicas

Materia	Anatomía humana: Afeccións medicocirúrxicas			
Código	P05G171V01107			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Maceiras García, María Lourdes			
Profesorado	Maceiras García, María Lourdes			
Correo-e	lurdesmg@uvigo.es			
Web	http://mpsp.webs.uvigo.es			
Descrición xeral				

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.
C3	Identificar os factores psicolóxicos e sociais que inflúen no estado de saúde ou enfermidade das persoas, familias e comunidade.
C8	Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo do proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C13	Ter a capacidade de valorar desde la perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.
C21	Identificar a situación do paciente/usuario a través dun diagnóstico de cuidados de fisioterapia, planificando as intervencións, e avaliando a súa efectividade nun entorno de traballo cooperativo con outros profesionais en ciencias da saúde.
C34	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conducta das persoas, tanto sas como enfermas, no medio natural e social.
C37	Adquirir a experiencia clínica adecuada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos.
C38	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D7	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Posuír e comprender coñecementos de patoloxía médica e cirúrxica humanas para aplicalos ao uso da fisioterapia	A2		C3 C9 C13 C21 C34 C38	
Identificar e explicar a etioloxía e fisiopatoloxía das enfermidades reumatolóxicas, nefrolóxicas, hematolóxicas, endocrinolóxicas e do metabolismo, e identificar as manifestacións que aparecen ao longo do proceso de enfermar.	A2		C3 C9 C13 C34 C38	D1 D7
Valorar a saúde dun paciente en todos os seus aspectos.	A2	B1	C3 C9 C13 C34 C37 C38	D1
Describir os tratamentos médico-cirúrxicos e de rehabilitación asociados ás enfermidades.	A2		C3 C9 C21 C34 C38	D1 D7
Coñecer e comprender a dinámica da adquisición dos coñecementos en medicina e a súas fontes de información.	A2		C21 C34 C38	D7
Determinar a súa competencia profesional e os seus límites, e a necesidade do traballo en equipo.	A2	B1	C3 C9 C13 C21 C34	D7
Explicar e xustificar a necesidade de fomentar a participación do usuario e a súa familia no seu proceso de recuperación.	A2	B1	C3 C34 C38	D1 D7
Identificar as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte básico e avanzado.	A2	B1	C3 C8 C9 C13 C34 C38	D1 D7

Contidos

Tema	
UNIDADE I	AFECCIÓNS MÉDICAS
Conceptos xerais.	Evolución histórica das enfermidades. Elementos diferenciais das enfermidades. Relacións entre patoloxía e clínica.
Axentes que afectan ao organismo globalmente producindo enfermidades.	Axentes físicos. Substancias químicas. Axentes vivos. Factores endóxenos da enfermidade. Formas de reacción inespecífica. Mecanismos inmunolóxicos da enfermidade. Lesión e morte celular. Neoplasias. Envellecemento.
Aparello locomotor.	Funcións. Afeccións da musculatura estriada esquelética. Tecido óseo; afeccións cuantitativas e cualitativas da remodelación ósea. Articulacións; artropatías inflamatorias; artropatías dexenerativas.
Riles e vías urinarias.	Funcións. Manifestacións destas enfermidades. Afeccións renais; insuficiencias aguda e crónica. Afeccións das vías urinarias.
Sangue e órganos hemopoiéticos.	Funcións. Afeccións da serie vermella. Afeccións da serie branca. Afeccións dos órganos linfoides. Afeccións da hemostase.
Sistema endócrino.	Funcións. Afeccións do eixo hipotálamo-hipófise. Afeccións da tiroide. Afeccións das glándulas suprarrenais. Afeccións das gónadas. Afeccións das glándulas paratiroides.
Metabolismo.	Funcións. Afeccións do metabolismo dos glúcidos. Afeccións do metabolismo dos lípidos. Afeccións do metabolismo das proteínas e dos aminoácidos. Oligoelementos. Balance hidrosalino. Equilibrio ácido-base. Nutrición.
UNIDADE II	AFECCIÓNS CIRÚRXICAS
INTRODUCCIÓN ÁS ENFERMIIDADES CIRÚRXICAS.	- Dor no aparato locomotor. - Inflamación. - Reacción xeral secundaria.

ENFERMIDADES CIRÚRXCAS BÁSICAS.	<ul style="list-style-type: none"> - Feridas. Asepsia. - Síndrome de aplastamento. - Queimaduras. - Infeccións cirúrxicas. - Ciruxía oncolóxica. - Anestesia. - Métodos auxiliares diagnósticos. - Complicacións da ciruxía.
SISTEMA NERVIOSO PERIFÉRICO.	<ul style="list-style-type: none"> - Estrutura e función do sistema nervioso periférico. - Agresión, rexeneración e dexeneración. - Síndromes compresivos.
FISIOPATOLOXÍA MUSCULAR.	<ul style="list-style-type: none"> - Fisioloxía, reparación muscular. - Traumatismos. Tumores. Artrogriposis. - Síndrome compartimenta. - Patoloxía neuromuscular infantil. - Tendóns. - Ligamentos.
ÓSO.	<ul style="list-style-type: none"> - Organización ósea. - Fracturas. Complicacións. - Infeccións óseas. - Enfermidades óseas. - Tumores e lesións pseudotumorais.
ARTICULACIÓN.	<ul style="list-style-type: none"> - Traumatismos. Luxacións. Esguinces. - Rixideces e anquilosis. - Infeccións articulares. - Ciruxía da artrosis. - Corpos libres intraarticulares. - Artropatía neuropática. - Artrogrose.
TRAUMATISMOS, AMPUTACIÓN/ REIMPLANTES/ PRÓTESIS.	<ul style="list-style-type: none"> - Politraumatizado. ATLAS. - Protocolo de actuación con accidentado. - Shock. - Amputacións. - Reimplantes. - Prótesis. - Ortesis.
CIRURXÍA DO APARELLO LOCOMOTOR.	<ul style="list-style-type: none"> - Artroscopia. - Osteosíntesis. - Ciruxía minimamente invasiva. - Implantes articulares. - Ciruxía robótica e navegación.
ENFERMIDADES CIRÚRXCAS TORÁCICAS.	<ul style="list-style-type: none"> - Ciruxía cardíaca. - Ciruxía torácica. - Mama.
ENFERMIDADES CIRÚRXCAS ABDOMINAIS.	<ul style="list-style-type: none"> - Parede abdominal. - Dixestivo. - Uroloxía. - Xinecoloxía e obstetricia.
ENFERMIDADES CIRÚRXCAS VASCULARES.	<ul style="list-style-type: none"> - Arteriais. - Venosas. Trombosis.
ENFERMIDADES NEUROCIRÚRXCAS.	<ul style="list-style-type: none"> - Situacións especiais. - Traumatismos. - Neoplasias. - Enfermedades cerebrovasculares. - Enfermedades degenerativas del raquis. - Infecciones. - Malformaciones. - Dolor
SEMINARIOS A. Médicas:	<ul style="list-style-type: none"> - Primeiros auxilios e soporte vital (PASV); reanimación cardiopulmonar (RCP) (1). - Primeiros auxilios e soporte vital (PASV); reanimación cardiopulmonar (RCP) (2). - Neoplasias. - Envellecemento.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	24	40	64
Lección maxistral	52	105	157
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Seminario	Constarán de prácticas, casos clínicos, actividades e traballos, que permitan afondar nos contidos da materia. Neles interaccionarase co alumnado, fomentando a súa participación activa, respondendo ao que necesite e motivando que exista tamén interacción entre o alumnado. Haberá tamén un cartafol: recompilación do traballo do alumnado co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros na materia. Empregaranse como complemento das clases teóricas.
Lección maxistral	As clases teóricas serán exposicións dos contidos sobre a materia obxecto de estudo. Serán participativas e utilizarase a consulta didáctica, debate, estudo de casos e estratexias de resolución de problemas. Nelas interaccionarase co alumnado respondendo ao que necesite e motivando que exista tamén interacción entre o alumnado. Seguindo o Proceso de Bolonia, a aprendizaxe estará cada vez máis baseada no estudiantado e na súa aprendizaxe activa e participativa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Organización do traballo do alumnado: para o desenvolvemento da docencia teórica farase un grupo A ou grupo grande. // Enviarase toda a información sobre a docencia e os cambios e recomendacións a través da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo. // Titorías: Poderán realizarse en grupo ou de xeito individualizado, de cara á orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Levaranse a cabo no horario establecido oficialmente para as titorías e no despacho do profesorado da materia. Tamén poderán realizarse no despacho virtual do profesorado da materia, por correo electrónico ao enderezo electrónico do profesorado indicando no asunto: TITORÍAS, ou a través dos foros da plataforma de teledocencia. Se son presenciais no despacho ou no despacho do Campus remoto, será necesario concertalas previamente.
Actividades introdutorias	O alumnado ten que se dar de alta na plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo, cubrir a ficha virtual aportando os seus datos e unha foto, e participar nas actividades que se fan a través del, para o correcto seguimento da materia: teoría, seminarios, traballos, exames e todo o que se faga na materia.
Seminario	Organización do traballo do alumnado: para o desenvolvemento dos seminarios faranse tres grupos B ou grupos medianos. // Enviarase toda a información sobre os seminarios e os cambios e recomendacións a través da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo. // Titorías: Poderán realizarse en grupo ou de xeito individualizado, de cara á orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Levaranse a cabo no horario establecido oficialmente para as titorías e no despacho do profesorado da materia. Tamén poderán realizarse no despacho virtual do profesorado da materia, por correo electrónico ao enderezo electrónico do profesorado indicando no asunto: TITORÍAS, ou a través dos foros da plataforma de teledocencia. Se son presenciais no despacho ou no despacho do Campus remoto, será necesario concertalas previamente.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Asistencia e participación activa do alumnado no desenvolvemento dos seminarios; ademais, o alumnado elaborará, individualmente, un esquema e resumo do tema que se traballe no seminario, e será entregado ao final del, persoalmente ou a través da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo. Nalgúns seminarios faranse preguntas por escrito que hai que responder neles.	20	B1 D1

Coñecementos teóricos:

Unidade de Médicas:
Exame de preguntas obxectivas, no que cada pregunta terá catro opcións de resposta, e só unha delas será válida. Cada pregunta ben respondida contará 1 punto; as deixadas en branco non descontarán puntuación; cada resposta equivocada restará 0,25. A nota corresponderase coa escala entre 0 e 10, e o aprobado estará na metade da puntuación: 5.

Unidade de Cirúrxicas:

Exame de preguntas obxectivas, no que cada pregunta terá catro opcións de resposta, e só unha delas será válida. Cada pregunta ben respondida contará 1 punto; as deixadas en branco non descontarán puntuación; cada resposta equivocada restará 0,25. A nota corresponderase coa escala entre 0 e 10, e o aprobado estará na metade da puntuación: 5.

Outros comentarios sobre a Avaliación

Esta materia consta de dúas unidades: Unidade I: Afeccións Médicas e Unidade II: Afeccións Cirúrxicas. A avaliación farase de cada unidade por separado, sendo necesario, para aprobar a materia, superar as dúas unidades independentemente; e, dentro delas, cada unha das súas partes: teoría e seminarios, tamén independentemente.

Unidade de Médicas: o exame dos coñecementos teóricos contará un 40% e os seminarios un 10%.

Unidade de Cirúrxicas: o exame dos coñecementos teóricos contará un 40% e os seminarios un 10%.

A nota final será a media das dúas unidades, se ambas están aprobadas ou suspensas. Se só se aproba unha unidade, ou parte dela, conservarase ese aprobado dentro do mesmo curso académico (ata xullo), pero non dun curso aos seguintes, e a nota será a da parte suspensa.

AVALIACIÓN CONTINUA: É a opción preferente e a que se ofrece por defecto. Na avaliación continua, o alumnado realizará:

* Un exame parcial de coñecementos teóricos unha vez finalizada a metade dos contidos teóricos: contará un 40% da nota final: 20% da Unidade de Médicas e 20% da Unidade de Cirúrxicas; realizarase dentro do horario asignado ás clases lectivas da materia. Se se suspende, non pode recuperarse na convocatoria ordinaria e irase con esta parte ao exame da 2ª oportunidade.

* Outro exame parcial de coñecementos teóricos na convocatoria ordinaria: contará un 40% da nota final: 20% da Unidade de Médicas e 20% da Unidade de Cirúrxicas.

* Seminarios: avaliaranse como se explicou no apartado superior.

AVALIACIÓN GLOBAL (se se renuncia á avaliación continua): O alumnado que non quera seguir a avaliación continua deberá notificalo por escrito, seguindo o procedemento establecido na Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continua debe realizarse na 5ª semana de docencia, o que supón que se asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez feita a renuncia á avaliación continua, non se terá dereito á mesma; a elección da modalidade de avaliación global supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose das actividades da modalidade de avaliación continua que queden por facer e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

Neste caso non se realizarán exames parciais. Haberá unha proba de avaliación global: un exame de coñecementos teóricos na data oficial da convocatoria ordinaria, que contará un 80% da nota final: 40% da Unidade de Médicas e 40% da Unidade de Cirúrxicas. A esta puntuación sumarase o 20% da nota dos seminarios, avaliados como se explicou no apartado superior.

AVALIACIÓN 2ª OPORTUNIDADE: É unha avaliación extraordinaria, de recuperación da materia, ou partes dela, suspensa.

O alumnado que fixo avaliación continua e suspendeu algún dos exames parciais, só deberá examinarse deles. Terá os mesmos criterios de avaliación que na convocatoria ordinaria nesta modalidade.

O alumnado que renunciou á avaliación continua e se adheriu á avaliación global, terá os mesmos criterios de avaliación que na convocatoria ordinaria nesta modalidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Pérez Arellano, J.L., **Sisinio de Castro. Manual de Patología General.**, Elsevier,

Laso FJ., **Introducción a la medicina clínica. Fisiopatología y semiología.**, Elsevier,

Brunnicardi FC, Andersen DK, Billiar TR, Dunn DL, Hunter JG, Matthews JB, Pollock RE., **Schwartz. Principios de cirugía.**, Mc Graw Hill / Interamericana,

Goodman CC, Snyder TK., **Patología médica para fisioterapeutas.**, Mc Graw Hill,

Seco J.(dir)., **Afecciones médicoquirúrgicas para fisioterapeutas. Sistema músculoesquelético.**, Médica Panamericana,

Fernández L, Carrión O., **Patología medico-quirúrgica para fisioterapeutas.**, Elsevier,

Hoppenfeld, S., **Exploración física de la columna vertebral y extremidades.**, Manual Moderno,

Bibliografía Complementaria

Rozman C, Cardellach F (eds)., **Farreras & Rozman. Medicina interna.**, Elsevier,

Sociedad Española de Reumatología (SER)., **Manual SER de las enfermedades reumáticas.**, Elsevier,

Sociedad Española de Cirugía Ortopédica y Traumatología (SECOT)., **Manual de cirugía ortopédica y traumatología.**, Médica Panamericana,

Delgado Martínez, AD., **Cirugía ortopédica y traumatología.**, Médica Panamericana,

Barberà JA, Peces-Barba G, Agustí AGN, Izquierdo JL, Monsó E, Montemayor T, Viejo JL, Grupo de traba, **Normativa SEPAR. Guía clínica para el diagnóstico y tratamiento de la enfermedad pulmonar obstructiva crónica.**, Arch Bronconeumol. 2001;37(6):297-316.,

Ropper AH, Samuels MA, Klein JP, Prasad S., **Adams y Victor. Principios de neurología.**, Mc Graw Hill,

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Anatomía humana: Afecciones médicas/P05G171V01201

Anatomía humana: Afecciones cirúrgicas/P05G171V01202

Fisioterapia no linfedema/P05G171V01310

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Bioquímica-Física: Bioquímica e biofísica/P05G171V01103

Fisiología: Fisiología humana/P05G171V01102